Preguntas necesarias para favorecer e confirmar a percepción correcta dunha mensaxe. Respostas correctas aos requirimentos e ás instrucións recibidas.

Fluidez na transmisión de mensaxes relativas a calquera eventualidade.

Consultas telefónicas propias do ámbito profesional.

Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión oral.

Formalización de formularios, informes breves e outros documentos normalizados ou rutineiros.

Redacción de cartas, correos electrónicos, notas e informes.

Estrutura coherente e recursos cohesivos.

Vocabulario específico do ámbito profesional.

Elaboración de documentos de incidencias, reclamacións e outras eventualidades.

Redacción de cartas de presentación para ofertas de emprego.

Elaboración do curriculum vitae.

Aplicación de usos pragmáticos, culturais e sociolingüísticos específicos da lingua estranxeira, na expresión escrita.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

A avaliación da aprendizaxe do alumnado será continua, terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. O profesorado debe utilizar procedementos de avaliación variados e incorporar estratexias que permitan a participación do alumnado na avaliación dos seus logros, como a autoavaliación, a avaliación entre iguais ou a coavaliación. En todo caso, os distintos procedementos de avaliación utilizables, como a observación sistemática do traballo dos alumnos, as probas orais e escritas, o portfolio, os protocolos de rexistro, ou os traballos de clase, permitirán a integración de tódalas competencias nun marco de avaliación coherente. Tipos de avaliación

-Avaliación inicial (diagnóstica): Ao comezo do curso levarase a cabo unha avaliación inicial do alumnado, que permitirá adoptar as decisións e tomar as medidas pertinentes de reforzo e de recuperación para lograr superar os obxectivos da etapa e a adquisición das competencias correspondentes.

-Avaliación continua (formativa): A avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado será global, continua e formativa e terá en conta o progreso do alumno e das competencias clave, tendo en conta os perfís de área e de competencia.

-Avaliación final (sumativa): Ao final de cada curso o equipo docente levará a cabo a avaliación final dos resultados alcanzados polos alumnos e alumnas do grupo.

Todos os contidos avaliados están organizados segundo as distintas destrezas establecidas polo Marco Común Europeo de Referencia: -A comprensión oral (escoitar e comprender)

-A comprensión escrita (ler)

-A expresión oral (falar e conversar) (pronuncia e entoación)

-A expresión escrita (composición)

-Estruturas sintácticas, léxicas

PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

-Observación sistemática do traballo e da participación do alumno na clase.

-Intercambios orais: preguntas na clase, diálogos, coloquios, debates e presentacións , interacción por parellas ou pequenos grupos, etc. -Exames orais e escritos

-Valoración positiva dos traballos feitos na casa (sempre e cando non se teña a sospeita de que non foron feitos polo alumno ou alumna), exercicios de gramática, vocabulario, exercicios de lectura comprensiva, exercicios de redacción (estes últimos serán recollidos polo profesor e corrixidos seguindo as rúbricas)

-Actividades nas que se avalíe a actitude dos alumnos seguindo as seguintes pautas:

1. Participación activa en clase.
2. Interese pola mellora da competencia comunicativa oral e escrita.
3. Presentación das producións escritas con precisión, claridade, corrección .
4. Interese polo traballo e aplicación ao mesmo, valorando o interese pola correcta realización dos exercicios e actividades.

Tendo en conta a procedencia do alumnado que cursará estes estudos profesionais (aparte de Bacharelato, Ciclo Medio e tamén probas de acceso) non se fará fincapé só en saberes conceptuais. Polo tanto, estes serán os instrumentos de avaliación empregados e a súa importancia relativa á hora de obter unha cualificación:

a. PROBAS OBXECTIVAS:

Probas de expresión e comprensión escrita:

USE OF ENGLISH(GR+VOC) :30%+READING:10%+WRITING:10%=60%

Probas de expresión e comprensión oral:

LISTENING: 10%+ SPEAKING: 10%= 20%

b. ENTREGA DE TAREFAS E TRABALLO NA AULA: 30%

Xa que a avaliación é progresiva, a materia acumúlase de unidade en unidade e de avaliación en avaliación. Polo tanto, as probas sempre inclúiran materia estudada anteriormente durante o curso. O alumno vai superando as dificultades da materia pouco a pouco, sen necesidade de facer exames de recuperación. Polo tanto, non se fan exames de recuperación e se un alumno suspende unha avaliación, pode recuperala aprobando a seguinte.

En cada avaliación realizaranse, polo menos, unha ou dúas probas obxectivas. Considérase que a avaliación é positiva cando a nota obtida é igual ou superior a 5. Tódalas cualificacións se redondean a partires de 0,6.

Segundo o concepto de avaliación continua e Tendo en conta que neste curso da FP Dual hai dúas avaliacións e final, teranse en conta as seguintes porcentaxes:

- CÁLCULO 1ª AVALIACIÓN - 1ª avaliación (100%)
- CÁLCULO 2ª AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN FINAL - 1ª avaliación (30%) + 2ª avaliación (70%).

As probas realizaranse, única e exclusivamente, na data e hora consensuada pola profesora e os alumnos. Se algún alumno non poidera asistir a alguna das probas por unha causa xustificada, deberá presentar con anterioridade, ou a maior brevedade posible, documento que especifique os motivos que xustifiquen a súa ausencia, facendo constar así mesmo a data e a hora de entrada e saída. As únicas ausencias que se considerarán xustificadas serán aquelas relacionadas con circunstancias médicas, ou deber inescusable. Só se admitirá xustificación por motivos de saúde (enfermidade grave que impida fisicamente a asistencia á realización do exame/actividade) ou cumprimento dun deber inescusable de carácter público ou persoal debidamente documentado (citación xudicial inaprazable), valorado pola profesora. As ausencias inxustificadas ás devanditas probas e ou actividades que se vaian a ter en conta como instrumentos de avaliación, conlevarán automaticamente un cero nesa parte.

Sancionase coa cualificación de cero cando se comprobe que o alumno/a non actuou limpamente ao realizar as probas, exercicios ou actividades porque copiara ou realizara condutas similares (permitir que outras persoas copien, levar teléfono móbil, reloxos intelixentes, auriculares, chuletas,... ou participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar os resultados propios ou alleos mediante procedementos deshonestos).

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O sistema de avaliación progresiva implica que os contidos da avaliación precedente forman sempre parte da seguinte avaliación. O alumno vai superando as dificultades da materia pouco a pouco, sen necesidade de facer exames de recuperación.

Polo tanto, non se fan exames de recuperación. Se un alumno suspende unha avaliación, pode recuperala aprobando a seguinte. Este sistema, inherente á aprendizaxe dunha lingua, beneficia sempre ós alumnos que se esforzan e que tratan de superarse.

É tamén indispensable que o alumno entregue todas as tarefas que o profesor lle encomende (independentemente dos exames). De non ser así, non poderá superar o módulo.

Así mesmo, este sistema de avaliación continua implica que a cualificación da última avaliación deberá ser positiva para superar o módulo. Se algún alumno non acadase o 5 para superar a materia poderá facer un exame de contidos mínimos o final de curso. O exame final constará das seguintes partes:

GRAMMAR AND VOCABULARY:40%

LISTENING: 20%

READING: 20%

WRITING: 20%

No caso de que un alumno pase ao segundo curso co módulo pedente do curso anterior terase que facer un seguemento dentro do plan de recuperación de aprendizaxes non adquiridas no curso seguinte. O alumnado entregará un boletín de actividades de repaso e irá facendo probas por avaliacións.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Ao finalizar o período lectivo para este módulo farase unha proba obxectiva de toda a materia para o alumnado que por falta de asistencia perdeu o dereito á avaliación continua. A devandita proba cualificarase de 0 a 10 puntos. Para superar a avaliación deberá obter unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

As probas serán iguais ás que se realicen durante o curso académico e, polo tanto, constarán de todas as partes especificadas no apartado 5.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Por medio das reunións periódicas procederase ao seguimento da programación de cada curso. Nestas reunións analizaranse os problemas atopados no proceso de ensino aprendizaxe e valorarase a necesidade de cambios e axustes na programación. Neste senso, o profesor poderá acordar a modificación da programación, especialmente no que se refire á temporalización e á realización dos contidos propostos, especialmente cando, por distintas causas -acumulación de días non lectivos, folgas, actividades extraescolares, etc.-, non é posible acadar os obxectivos de cada trimestre, ou porque no momento de poñelos en práctica consideremos que un determinado grupo ou nivel presenta máis dificultades ou precisa máis tempo para reforzar os contidos aprendidos.

Outro dos cometidos destas reunións é a de establecer medidas de reforzo para aqueles alumnos e alumnas que presentan dificultades na materia, de xeito que se poidan poñer ao nivel do resto do grupo ou acaden, polo menos, os contidos mínimos.

Tódolos axustes e cambios necesarios atopados nestas reunións de seguimento serán tidos en conta na realización da programación didáctica do próximo curso.

Despois de cada avaliación, determinarase se o número de suspensos é aceptable. De ser alto debería cambiarse a metodoloxía empregada, propoñendo máis traballos en equipo, exercicios máis sinxelos e/ou cambiando a disposición de espazos, de tal xeito que o alumnado poida axudarse entre si. En todo caso, implementaranse as medidas de reforzo oportunas

A práctica docente será avaliada polo alumnado mediante un formulario con cuestións sobre a docente que será enviado a cada alumno. O profesor analizará os resultados destas enquisas e sacará as conclusións pertinentes co fin de mellorar a súa práctica docente.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

En primeiro lugar temos que especificar que temos alumnado procedente da FP de Construccions Metálicas. Comezase o curso realizando unha avaliación inicial co fin de valorar os coñecementos previos dos alumnos e alumnas. Contrastarase as diferentes procedencias, os anos que levan sen contacto co inglés e o nivel inicial que o grupo ten.

A avaliación inicial ou de diagnóstico ten como finalidade adecuar as ensinanzas da nosa materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Os obxectivos que pretendemos con dita avaliación son:

- obter información sobre os coñecementos previos dos nosos alumnos na materia de inglés.
- propoñer actividades posteriores de acordo á situación de partida.
- iniciar o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Cando se detecta unha deficiencia xeneralizada nalgún dos puntos, entendemos que ese contido non está asimilado, polo que a medida que adoptamos é a de tratar dito elemento lingüístico como algo novo ou casi novo.

Esta proba de avaliación inicial daranos unha idea aproximada da situación do grupo para atender á diversidade. Enténdese por medidas de atención a diversidade o conxunto de accións educativas que nun sentido amplo intentan dar resposta ás necesidades, temporais ou permanentes, de todo o alumnado do centro e, entre eles, aos que requiren unha actuación específica derivada en moitos casos de factores persoais relacionados con situacións de desvantaxe sociocultural, de compensación lingüística, comunicación e da linguaxe, ou de discapacidade física, psíquica, ou sensorial.

As actuacións máis cotiás son as que se refiren por unha banda ao alumnado que presenta dentro do mesmo curso diferentes niveis de coñecemento e uso do idioma, e por outra aos que teñen algún tipo de discapacidade sensorial, fundamentalmente, problemas de vista ou audición.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Durante a proposta curricular procurarase atender ao alumnado de forma máis personalizada posible, tendo en conta o nivel de coñecementos, capacidades, motivacións e ritmo de aprendizaxe. Teranse en conta as seguintes medidas de atención á diversidade:

- En relación aos contidos:

Os contidos que poidan presentar dificultades ao alumnado complementarase con datos aclaratorios, ilustracións, esquemas, gráficos, ... Preséntanse de forma variada e interrelacionados para facilitar a súa xeneralización e aplicación a novas situacións. Cando sexa necesario realizaranse modificacións curriculares: material escolar, actividades, método, grupos de traballo, tempo e orde dos contidos e criterios de avaliación, aplicándoos de xeito individualizado.

- En relación aos aspectos metodolóxicos:

As actividades de aprendizaxe son variadas, permiten distintas modalidades ou vías de acceso aos contidos e presentan distintos graos de dificultade. Para iso as actividades desenvolveranse en catro niveis: de consolidación, de reforzo, de ampliación e de repaso. As actividades de consolidación pretenden que se asimilen os conceptos básicos. As de reforzo están indicadas para quen non puido assimilar estes contidos mínimos. As actividades de ampliación serven para afondar nalgún contido en especial e as de repaso serven para relacionar contidos novos cos xa adquiridos e ter unha visión global da materia.

- En relación aos recursos e materiais:

Dentro dos materiais e dos recursos dispoñibles, seleccionaranse os máis axeitados segundo o alumnado e a materia.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Ao longo do currículo trátanse especialmente os seguintes temas transversais que son fundamentais para reforzar a educación do alumnado nos seguintes valores:

Educación ambiental:

- A importancia de ter unha actitude responsable cara ao consumo.
- A necesidade de protexer os animais e a súa contorna natural.
- A importancia de aprender cousas sobre a natureza e a súa conservación e de ver a relación entre os desastres naturais e o cambio climático, coa actuación do home na Terra.
- A relevancia de empezar a ser conscientes da necesidade dunha construción máis ecolóxica e respectuosa co medio ambiente, que utilice materiais reciclables e enerxías renovables.
- Ver a necesidade de aforrar no consumo de enerxía tanto a nivel institucional ou de goberno como achegando o noso esforzo no fogar, sendo conscientes de que as enerxías tradicionais se acaban.

Educación para a saúde:

- A importancia de vivir de acordo ás leis da natureza, formando parte da Terra como un todo. A nosa saúde é directamente proporcional á saúde do planeta.
- Utilizar as novas tecnoloxías dunha forma razoable, controlada e responsable.
- A importancia de ter hábitos saudables na nosa vida diaria e de coidar a nosa alimentación cunha dieta saudable. Educación moral e cívica:
- A importancia de respectar as normas sociais e as obrigas persoais, sen transgredir as leis que dificultan a convivencia humana. - A obriga coma cidadáns de coidar, valorar e respectar a nosa cidade e as súas instalacións e o colexio, materiais e instalacións. - A importancia de coñecer e respectar formas de vida e cultura diferentes á nosa.
- A necesidade de pedir as cousas con cortesía e de comportarse civicamente cando se visitan edificios públicos, museos , ... - A importancia de responsabilizarnos do coidado do noso planeta; consumindo e contaminando cada vez menos e reciclando cada vez máis. - O bo uso da ciencia e a tecnoloxía dunha forma ética e para fins nobres.
- A importancia de ser xenerosos e solidarios coas persoas que teñen poucos recursos e en xeral críticos e combativos fronte á pobreza e ás desigualdades.
- A necesidade de solidariedade e a axuda cara os demais en calquera ocasión e especialmente en situacións extremas de necesidade. - A importancia de ser crítico coa publicidade e intentar separar a información veraz da información consumista.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Proxección de vídeos e documentais en versión orixinal (con subtítulos en inglés) que fosen do agrado do alumnado e estean relacionadas co mundo laboral, sociocultural e da seguridade e hixiene.
Tentarase participar en programas Europeos (Etwinning).
Colaborarase na celebración de actividades para fomentar o auto-emprego.

10. Outros apartados**10.1) Precisión**

Cun mes de antelación, o alumnado coñecerá as datas dos exames de avaliación, e calquera outra proba de avaliación. As datas non se variarán salvo decisión xustificada do profesorado.

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013758	Laxeiro	Lalín	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
FME	Fabricación mecánica	CSFME02	Construcións metálicas	Ciclos formativos de grao superior	Réxime de adultos

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0163	Programación da produción	2024/2025	4	140	168
MP0163_12	Programación e control da produción	2024/2025	4	100	120
MP0163_22	Aprovisionamento dos procesos produtivos	2024/2025	4	40	48

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JOSÉ ANTONIO FERNÁNDEZ CASAL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Proxecto de FP dual coas empresas: INDUSTRIAS GUERRA S.A., MEGODEZA S.L., INASUS S.L., METALDEZA S.A., RINOSTEEL S.L., CARPINTERÍA METÁLICA GALANAS S.L., GRI TOWERS GALICIA S.L. no que se combinarán os procesos de ensino e aprendizaxe na empresa e no centro formativo.

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar a función de xestión e control da produción.

Esta función abrangue aspectos como:

- Xestión da produción utilizando ferramentas e programas informáticos específicos.
- Aprovisionamento de materiais e ferramentas, con aplicación de técnicas de xestión para determinar o aprovisionamento dos postos de traballo.
- Supervisión do mantemento, con aplicación de técnicas de planificación e seguimento para xestionar o mantemento dos recursos de produción.
- Cumprimento dos obxectivos da produción, colaborando co equipo de traballo e actuando conforme aos principios de responsabilidade e tolerancia.

As actividades profesionais asociadas a esta función aplícanse en:

- Mecanizado por arranque de material con máquinas ferramenta de corte, así como por abrasión, electroerosión e por procesos especiais.
- Mecanizado por corte.
- Conformación térmica e mecánica.

A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais e), f), j), k) e q) do ciclo formativo, e as competencias d), e), g), i) e k).

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo han versar sobre:

- Elaboración e control de programas de produción e mantemento para o aseguramento das características e dos prazos de entrega requiridos.
- Xestión de aprovisionamento, almacenaxe e distribución de materias primas e de produtos acabados.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	6	3
2	Programación da produción.	Produtividade. Políticas de produción.	42	25

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
3	Mantemento.	Tipos de mantemento: correctivo, preventivo, predictivo e proactivo.	30	18
4	Documentación.	Documentos para a programación da produción.	30	18
5	Control da Produción.	Técnicas de control da produción.	12	8
6	Formación en empresa.	Formación curricular que se adquirirá na empresa.	6	3
7	Aprovisionamiento.	Plan de aprovisionamento.	20	12
8	Almacenaxe e distribución.	Loxística. Recepción de pedidos. Sistemas de almacenaxe.	22	13

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Formación en empresa.	6

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora programas de fabricación, para o que analiza as capacidades produtivas das instalacións, as súas posibles adaptacións e as necesidades de aprovisionamento.	SI
RA2 - Elabora o plan de mantemento e define os seus parámetros de control, tendo en conta a relación entre os requisitos dos medios e as necesidades da produción.	SI
RA3 - Xestiona a documentación empregada na programación da produción, para o que define e aplica un plan de organización e procesamento da información.	SI
RA4 - Controla a produción tendo en conta a relación entre as técnicas de control e os requisitos de produción.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os factores intervinientes na produtividade.

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as políticas de produción.
CA1.3 Determináronse os obxectivos dos horizontes temporais da planificación e da programación da produción.
CA1.4 Determináronse os sistemas de xestión de inventarios para demanda dependente e independente.
CA1.5 Identifícase a cantidade de pezas para fabricar e o prazo de execución en función dos prazos de entrega.
CA1.6 Determinouse o tamaño dos lotes de produción.
CA1.7 Identifícanse os equipamentos, os útiles e as instalacións dispoñibles que respondan ao procedemento establecido.
CA1.8 Identifícase a ruta que deba seguir o material en proceso.
CA1.9 Identifícase a capacidade dos recursos de produción dispoñibles.
CA1.10 Analízase a relación entre a carga e a capacidade total dos recursos utilizados para eliminar atouamentos e mellorar a produción.
CA1.11 Determinouse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.
CA1.12 Distribuíronse as tarefas en función do perfil dos recursos humanos e dos recursos materiais dispoñibles.
CA1.13 Reducíronse os inventarios de obra en curso e produtos acabados.
CA2.1 Identifícase o tipo de mantemento necesario para cada equipamento e cada instalación do ámbito de traballo.
CA2.2 Estableceuse o plan de mantemento con criterios de redución de interferencias coa produción.
CA2.3 Descríbense as actuacións que cumpriría levar a cabo en caso de fallo da produción por causa da avaría dunha máquina, dunha ferramenta defectuosa, de parámetros incorrectos, etc.
CA2.4 Elaborouse un catálogo de repostos considerando os grupos de máquinas, identificando os elementos de substitución que necesitan un mínimo de existencias, cales son intercambiáveis, etc.
CA2.5 Rexistráronse as revisións e os controis efectuados, para controlar o seu cumprimento e así poder asegurar a trazabilidade dos procesos.
CA2.6 Distribuíronse as tarefas en función do perfil dos recursos humanos e materiais dispoñibles.

Criterios de avaliación
CA2.7 Planifícanse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.
CA2.8 Utilizáronse programas informáticos de axuda para a xestión do mantemento.
CA3.1 Identifícanse os documentos necesarios para programar e controlar a produción.
CA3.2 Utilizáronse programas informáticos de axuda á organización e ao control da produción.
CA3.3 Xeráronse documentos de traballo, como follas de ruta, listaxes de materiais, fichas de traballo, control estatístico do proceso, etc.
CA3.4 Rexístrouse toda a documentación nos sistemas de xestión de calidade, xestión ambiental e prevención de riscos laborais.
CA3.5 Organizouse e arquivouse a documentación técnica consultada e xerada.
CA3.6 Planifícanse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.
CA4.1 Identifícase o modelo de control da produción máis acaído para o proceso de fabricación.
CA4.2 Identifícase o tamaño dos lotes de fabricación e os prazos de entrega.
CA4.3 Determinouse o método de seguimento da produción que permita mellorar o seu control, así como o tempo de reacción, en caso necesario.
CA4.4 Caracterizáronse modelos de reprogramación para períodos de especial disposición de recursos ou modificación da demanda.
CA4.5 Descríbense estratexias de supervisión e control da produción.
CA4.6 Recoñecéronse e valoráronse as técnicas de organización e xestión na realización das tarefas de control da produción.
CA4.7 Amosouse interese pola exploración de solucións técnicas ante problemas que se presenten, e tamén como elemento de mellora do proceso.

4.1.e) Contidos

Contidos
<p>Produtividade.</p> <p>0Xestión de proxectos: PERT/CPM.</p>

Contidos

Tecnoloxía da produción optimizada (OPT).

Produción just in time (JIT).

Enxeñaría concorrente.

Software de xestión da produción asistida por computador (XPAC).

Políticas de produción: con limitacións de existencias, produción regular, produción extraordinaria e produción por lotes.

Planificación agregada da produción.

Programa mestre de produción.

Sistemas de xestión de inventarios con demanda independente.

Sistemas de xestión de inventarios con demanda dependente: MRP e MRP-II.

Capacidade de produción.

Carga de traballo.

Rutas e lotes de produción. Análise mediante fluxos.

Tipos de mantemento: correctivo, preventivo, predictivo e proactivo.

Programación dos recursos para o mantemento eléctrico, pneumático, hidráulico e mecánico.

Plans de mantemento.

Estrutura organizativa do departamento de mantemento nunha empresa.

Software de xestión de mantemento asistido por computador (XMAC).

Documentos para a programación da produción: follas de ruta, listaxes de materiais, fichas de traballo, follas de instrucións, planos de fabricación, control estatístico do proceso, diagrama de proceso, fichas de carga, etc.

Técnicas de codificación e arquivo de documentación.

Software de xestión documental da planificación e o control da produción.

Técnicas de control da produción.

Estatística e indicadores de produción.

Contidos
Supervisión de procesos.
Reprogramación.
Métodos de seguimento da produción: PERT, GANTT, ROY e custo mínimo.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Programación da produción.	42

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora programas de fabricación, para o que analiza as capacidades produtivas das instalacións, as súas posibles adaptacións e as necesidades de aprovisionamento.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse os factores intervinientes na produtividade.
CA1.2 Descríbense as políticas de produción.
CA1.3 Determináronse os obxectivos dos horizontes temporais da planificación e da programación da produción.
CA1.4 Determináronse os sistemas de xestión de inventarios para demanda dependente e independente.
CA1.5 Identifícase a cantidade de pezas para fabricar e o prazo de execución en función dos prazos de entrega.
CA1.6 Determinouse o tamaño dos lotes de produción.
CA1.7 Identifícanse os equipamentos, os útiles e as instalacións dispoñibles que respondan ao procedemento establecido.
CA1.8 Identifícase a ruta que deba seguir o material en proceso.

Crterios de avaliación

CA1.9 Identificouse a capacidade dos recursos de produción dispoñibles.

CA1.10 Analizouse a relación entre a carga e a capacidade total dos recursos utilizados para eliminar atouamentos e mellorar a produción.

CA1.11 Determinouse a produción por unidade de tempo para satisfacer a demanda no prazo previsto.

CA1.12 Distribuíronse as tarefas en función do perfil dos recursos humanos e dos recursos materiais dispoñibles.

CA1.13 Reducíronse os inventarios de obra en curso e produtos acabados.

4.2.e) Contidos**Contidos**

Produtividade.

Gestión de proxectos: PERT/CPM.

Tecnoloxía da produción optimizada (OPT).

Produción just in time (JIT).

Enxeñaría concorrente.

Software de xestión da produción asistida por computador (XPAC).

Políticas de produción: con limitacións de existencias, produción regular, produción extraordinaria e produción por lotes.

Planificación agregada da produción.

Programa mestre de produción.

Sistemas de xestión de inventarios con demanda independente.

Sistemas de xestión de inventarios con demanda dependente: MRP e MRP-II.

Capacidade de produción.

Carga de traballo.

Rutas e lotes de produción. Análise mediante fluxos.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Mantemento.	30

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora o plan de mantemento e define os seus parámetros de control, tendo en conta a relación entre os requisitos dos medios e as necesidades da produción.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícase o tipo de mantemento necesario para cada equipamento e cada instalación do ámbito de traballo.
CA2.2 Estableceuse o plan de mantemento con criterios de redución de interferencias coa produción.
CA2.3 Descríbense as actuacións que cumpriría levar a cabo en caso de fallo da produción por causa da avaría dunha máquina, dunha ferramenta defectuosa, de parámetros incorrectos, etc.
CA2.4 Elaborouse un catálogo de repostos considerando os grupos de máquinas, identificando os elementos de substitución que necesitan un mínimo de existencias, cales son intercambiabes, etc.
CA2.5 Rexistráronse as revisións e os controis efectuados, para controlar o seu cumprimento e así poder asegurar a trazabilidade dos procesos.
CA2.6 Distribuíronse as tarefas en función do perfil dos recursos humanos e materiais dispoñibles.
CA2.7 Planificáronse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.
CA2.8 Utilizáronse programas informáticos de axuda para a xestión do mantemento.

4.3.e) Contidos

Contidos
Tipos de mantemento: correctivo, preventivo, predictivo e proactivo.
Programación dos recursos para o mantemento eléctrico, pneumático, hidráulico e mecánico.
Plans de mantemento.
Estrutura organizativa do departamento de mantemento nunha empresa.
Software de xestión de mantemento asistido por computador (XMAC).

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Documentación.	30

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Xestiona a documentación empregada na programación da produción, para o que define e aplica un plan de organización e procesamento da información.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os documentos necesarios para programar e controlar a produción.
CA3.2 Utilizáronse programas informáticos de axuda á organización e ao control da produción.
CA3.3 Xeráronse documentos de traballo, como follas de ruta, listaxes de materiais, fichas de traballo, control estatístico do proceso, etc.
CA3.4 Rexistrouse toda a documentación nos sistemas de xestión de calidade, xestión ambiental e prevención de riscos laborais.
CA3.5 Organizouse e arquivouse a documentación técnica consultada e xerada.

Crterios de avaliación

CA3.6 Planifícanse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.

4.4.e) Contidos
Contidos

Documentos para a programación da produción: follas de ruta, listaxes de materiais, fichas de traballo, follas de instrucións, planos de fabricación, control estatístico do proceso, diagrama de proceso, fichas de carga, etc.

Técnicas de codificación e arquivo de documentación.

Software de xestión documental da planificación e o control da produción.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Control da Produción.	12

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Controla a produción tendo en conta a relación entre as técnicas de control e os requisitos de produción.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado
Crterios de avaliación

CA4.1 Identifícase o modelo de control da produción máis acaído para o proceso de fabricación.

CA4.2 Identifícase o tamaño dos lotes de fabricación e os prazos de entrega.

CA4.3 Determinouse o método de seguimento da produción que permita mellorar o seu control, así como o tempo de reacción, en caso necesario.

Criterios de avaliación
CA4.4 Caracterizáronse modelos de reprogramación para períodos de especial disposición de recursos ou modificación da demanda.
CA4.5 Descríronse estratexias de supervisión e control da produción.
CA4.6 Recoñecéronse e valoráronse as técnicas de organización e xestión na realización das tarefas de control da produción.
CA4.7 Amosouse interese pola exploración de solucións técnicas ante problemas que se presenten, e tamén como elemento de mellora do proceso.

4.5.e) Contidos

Contidos
Técnicas de control da produción.
Estatística e indicadores de produción.
Supervisión de procesos.
Reprogramación.
Métodos de seguimento da produción: PERT, GANTT, ROY e custo mínimo.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Formación en empresa.	6

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o plan de aprovisionamento de materias primas e compoñentes necesarios, analizando os modelos de aprovisionamento.	SI
RA2 - Xestiona o almacén tendo en conta a relación entre as necesidades de almacenaxe (en función dos requisitos da produción) e os procesos de almacenaxe, manipulación e distribución interna.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as necesidades de materias primas e compoñentes para prover.
CA1.2 Calculouse a cantidade de material e a frecuencia con que se deberá dispor del, en relación aos lotes de produción.
CA1.3 Determinouse a localización e a cantidade das existencias.
CA1.4 Determináronse os medios de transporte internos e a ruta que deberán seguir.
CA1.5 Identifícanse as características dos transportes externos que afectan ao aprovisionamento.
CA1.6 Determinouse o plan de aprovisionamento tendo en conta as existencias e os tempos de entrega dos provedores.
CA1.7 Determinouse o custo total de transporte e do abastecemento.
CA1.8 Planificáronse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.
CA2.1 Identifícanse as accións necesarias para verificar documentalmente que os produtos recibidos se correspondan cos solicitados.
CA2.2 Describiuse o proceso de recepción de materiais.
CA2.3 Describiuse o método de almacenaxe máis adecuado ao tamaño e ás características da organización.
CA2.4 Definiuse o tipo de embalaxe e de contedores para mellorar o espazo e a manipulación das mercadorías.
CA2.5 Definiuse o sistema óptimo de etiquetaxe para facilitar a identificación do produto.
CA2.6 Identifícanse os riscos para a seguridade e a saúde do persoal e para a protección ambiental nas fases de recepción de materiais, almacenaxe e expedición de produto.
CA2.7 Determinouse a frecuencia e os métodos utilizados para o control do inventario.

4.6.e) Contidos

Contidos
Plan de aprovisionamento. Xestión con provedores. Transporte e fluxo de materiais. Rutas de aprovisionamento e loxística. Xestión de existencias. Loxística. Recepción de pedidos. Sistemas de almacenaxe. Manipulación de mercadorías. Xestión de almacén. Embalaxe e etiquetaxe. Control de inventarios. Sistemas informáticos de xestión de loxística e almacenaxe. Prevención de riscos laborais e ambientais no transporte e na almacenaxe de produtos.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Aprovisionamiento.	20

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Determina o plan de aprovisionamento de materias primas e compoñentes necesarios, analizando os modelos de aprovisionamento.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as necesidades de materias primas e compoñentes para prover.
CA1.2 Calculouse a cantidade de material e a frecuencia con que se deberá dispor del, en relación aos lotes de produción.
CA1.3 Determinouse a localización e a cantidade das existencias.
CA1.4 Determináronse os medios de transporte internos e a ruta que deberán seguir.
CA1.5 Identifícanse as características dos transportes externos que afectan ao aprovisionamento.
CA1.6 Determinouse o plan de aprovisionamento tendo en conta as existencias e os tempos de entrega dos provedores.
CA1.7 Determinouse o custo total de transporte e do abastecemento.
CA1.8 Planifícanse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.

4.7.e) Contidos

Contidos
Plan de aprovisionamento.
Xestión con provedores.
Transporte e fluxo de materiais.
Rutas de aprovisionamento e loxística.
Xestión de existencias.

4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Almacenaxe e distribución.	22

4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Xestiona o almacén tendo en conta a relación entre as necesidades de almacenaxe (en función dos requisitos da produción) e os procesos de almacenaxe, manipulación e distribución interna.	SI

4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícaronse as accións necesarias para verificar documentalmente que os produtos recibidos se correspondan cos solicitados.
CA2.2 Describiuse o proceso de recepción de materiais.
CA2.3 Describiuse o método de almacenaxe máis adecuado ao tamaño e ás características da organización.
CA2.4 Definiuse o tipo de embalaxe e de contedores para mellorar o espazo e a manipulación das mercadorías.
CA2.5 Definiuse o sistema óptimo de etiquetaxe para facilitar a identificación do produto.
CA2.6 Identifícaronse os riscos para a seguridade e a saúde do persoal e para a protección ambiental nas fases de recepción de materiais, almacenaxe e expedición de produto.
CA2.7 Determinouse a frecuencia e os métodos utilizados para o control do inventario.

4.8.e) Contidos

Contidos
Loxística.
Recepción de pedidos.
Sistemas de almacenaxe.
Manipulación de mercadorías.
Xestión de almacén.
Embalaxe e etiquetaxe.

Contidos

Control de inventarios.

Sistemas informáticos de xestión de loxística e almacenaxe.

Prevenición de riscos laborais e ambientais no transporte e na almacenaxe de produtos.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación**MÍNIMOS EXISIBLES:**

UF1 Programación da produción.

CA1.1 - Identifícanse os factores intervinientes na produtividade.

CA1.2 - Descríbense as políticas de produción.

CA1.4 - Determináronse os sistemas de xestión de inventarios para demanda dependente e independente.

CA1.5 - Identifícase a cantidade de pezas para fabricar e o prazo de execución en función dos prazos de entrega.

CA1.6 - Determinouse o tamaño dos lotes de produción.

CA1.8 - Identifícase a ruta que deba seguir o material en proceso.

CA1.9 - Identifícase a capacidade dos recursos de produción dispoñibles.

CA1.10 - Analízase a relación entre a carga e a capacidade total dos recursos utilizados para eliminar atouamentos e mellorar a produción.

CA1.12 - Distribúronse as tarefas en función do perfil dos recursos humanos e dos recursos materiais dispoñibles.

CA2.1 - Identifícase o tipo de mantemento necesario para cada equipamento e cada instalación do ámbito de traballo.

CA2.2 - Estableceuse o plan de mantemento con criterios de redución de interferencias coa produción.

CA2.3 - Descríbense as actuacións que cumpriría levar a cabo en caso de fallo da produción por causa da avaría dunha máquina, dunha ferramenta defectuosa, de parámetros incorrectos, etc.

CA2.7 - Planifícanse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.

CA3.1 - Identifícanse os documentos necesarios para programar e controlar a produción.

CA3.3 - Xeráronse documentos de traballo, como follas de ruta, listaxes de materiais, fichas de traballo, control estatístico do proceso, etc.

CA3.6 - Planifícanse metodicamente as tarefas, con previsión das dificultades e do xeito de as superar.

CA4.1 - Identifícase o modelo de control da produción máis acaído para o proceso de fabricación.

CA4.3 - Determinouse o método de seguimento da produción que permita mellorar o seu control, así como o tempo de reacción, en casonecesario.

CA4.5 - Descríbense estratexias de supervisión e control da produción.

UF2 Aprovisionamento dos procesos produtivos.

CA1.1 - Identifícanse as necesidades de materias primas e compoñentes para prover.

CA1.2 - Calculouse a cantidade de material e a frecuencia con que se deberá dispor del, en relación aos lotes de produción.

CA1.3 - Determinouse a localización e a cantidade das existencias.

CA1.6 - Determinouse o plan de aprovisionamento tendo en conta as existencias e os tempos de entrega dos provedores.

CA2.1 - Identifícanse as accións necesarias para verificar documentalmente que os produtos recibidos se correspondan cos solicitados.

CA2.2 - Describiuse o proceso de recepción de materiais.

CA2.3 - Describiuse o método de almacenaxe máis adecuado ao tamaño e ás características da organización.

CA2.5 - Definiuse o sistema óptimo de etiquetaxe para facilitar a identificación do produto.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Este módulo non se considera de avaliación continua.

A cualificación do alumnado obtérase a partir dunha serie de probas obxectivas realizadas ó longo do curso académico que versarán sobre os contidos e destrezas asociados ó presente módulo.

O formato das probas a realizar é, na súa meirande parte, de natureza escrita e o seu formato dependerá do tipo de contidos ou destrezas a avaliar. Por exemplo, poderán basearse en tests, cuestionarios ou temas a desenvolver e actividades de deseño e/ou cálculo.

A ponderación da cualificación destas probas obxectivas na cualificación final do alumno será dun 100%.

Doutra banda, no caso de que se exporse traballos ou tarefas por parte do docente, ben para cubrir algunha das partes de contidos ou destrezas asociados ó módulo, ben para reforzar ou acadar certos contidos ou competencias, estas terán unha ponderación do 30%, mentres que o 70% restante corresponderase co resultado das probas obxectivas realizadas en cada trimestre.

En ningún caso, o alumno poderá aprobar unha avaliación se a nota da proba correspondente a coñecementos teóricos é inferior a 4'00 puntos. Esta circunstancia só é aplicable cando se presentan traballos ou tarefas.

A entrega destes traballos ou tarefas en tempo e prazo é un requisito indispensable para que o alumno poda presentarse aos exames a realizar en cada trimestre. No caso de non facelo, o alumno deberá entregar os traballos ou tarefas pendentes antes de presentarse ós exames de recuperación e final que terán lugar ó final do presente curso académico. Así mesmo, no caso de detectarse traballos ou tarefas copiadas o alumno suspenderá a avaliación correspondente, procedendo como no caso de non entregalos en prazo e forma.

Como non se considera avaliación continua do módulo, no caso de que o alumno aprobe o último exame parcial do módulo pero teña algunha outra parte pendente, a nota desa última avaliación parcial será un 4

porque o Xade non está deseñado para xestionar módulos profesionais que non son avaliados mediante avaliación continua. Iso si, a nota do aprobado correspondente a esa última avaliación conservárase para o cálculo da nota final do alumno.

Cualificación final do módulo:

A nota final do alumno resultará de aplicar os criterios de cualificación mencionados no punto precedente logo de facer a media aritmética de tódalas probas de coñecementos técnicos realizadas durante o curso.

Para superar o módulo o alumno deberá obter una nota igual ou superior a 5 sobre 10.

Finalmente, sinalar que se realizarán uns exames de repesca previos á data fixada para a celebración do exame final do módulo durante o período previsto para as actividades de recuperación do módulo. Sinalar que as avaliacións previamente aprobadas polo alumno non é necesario repetilas, pois se conserva a nota acadada por el nese momento, o alumno soamente debe realizar aquelas partes que teña suspensas.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

